

## NOTAS SOBRE O DICCIONARIO GALEGO DAS TICS

Ilustres representantes da Administración, da Academia e da Universidade, compañeiros e amigos:

Vánseme permitir unhas notas cargadas de subxectividade, filla da experiencia persoal, para situar un emprendemento de vastas consecuencias públicas, pois estamos a tratar con el de técnicas que afectan de maneira xeral a todas as actividades humanas.

Situémonos en Madrid, na Escola de Telecomunicación –daquela, a única– e na segunda metade dos anos 60. Un profesor, don Julio de Paula y Pardal, catedrático de Topografía, Xeodesia e Radioastronomía, só lía os exames correctamente escritos. Cando lle protestaban os autores de exercicios rexeitados, argumentando que eles viñeran á Escola non coa intención de saíren dela gramáticos senón coa de chegaren a enxeñeiros, el retrucaba dicindo que un bo enxeñeiro se distingue pola súa capacidade para aprender códigos e aplicalos debidamente.

Nós somos enxeñeiros, e, como a tales, cómprenos a aplicación correcta dos códigos. O código fundamental para os humanos é a fala. Xa dicía Eça de Queiroz na súa magnífica *Correspondência de Fradique Mendes* que a patria verdadeira do home é a súa fala. E afirmábao quen dominaba con diplomática perfección, alén do seu, os idiomas oficiais de España, Francia e a Gran Bretaña. Nós temos unha especial obriga na corrección e na economía dos termos. Por iso é obxectivamente encomiable o Dicionario que nos propomos levar ao dominio dos feitos.

O caso galego é moi peculiar. Sendo Galicia a orixe dun mundo lingüístico enorme e nun imparable crecemento, foi reducida a mera rexión sen importancia dentro doutro sistema idiomático. Rota a súa relación con Portugal, non participou na revolución industrial con léxico propio. Foille imposto o léxico castelán, non sempre adecuado aos inventos que xurdían. Por simple exemplo, os galegos aprenderon a dicir "cigüeñal" para algo que os luso-africano-brasileiros din cun termo tan galego coma "cambota".

Neste punto cómpre sinalar que o meu inicio profesional foi como *estagiário* nunha empresa inglesa en Lisboa, nun gabinete de proxectos de electrónica de conmutación. Alí, no 1972, comecei a moverme entre dúas grandes linguas de proxección universal, o inglés dos xefes e o portugués dos compañeiros. De aí a vontade dun rapaz que xa participara no movemento reivindicador da canción galega: facer técnica en galego, tan válido coma o castelán, idioma romance moi próximo, presionado polo inglés coma os demais. De inocente maneira, co mesmo cariño con que fixera letras de cancións, atrevínme a tomar notas para un vocabulario técnico.

Posteriormente, traballei nunha empresa de radiocomunicación que tiña o italiano por lingua de documentación e a seguir noutra de electromedicina en que francés era obrigatorio para a comunicación interna. En ambas aprendín formas latinas do noso vocabulario profesional, mais tamén comprendín o valor de lingua franca que tiña o inglés no eido técnico.

Hoxe prodúcese unha ledicia indescribible o proxecto da Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia, coa achega científica, tecnolóxica e lingüística da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación de Vigo e da Real Academia Galega. Desde aquelas miñas notas lisboetas para un vocabulario galego da electrónica, sempre desexei algo maior; teimando niso, agradecín a oportunidade de facer voces da telemática para a Gran Enciclopedia Galega; e agora vexo culminada a miña –a nosa– ambición: un Dicionario Galego das TICs, cos termos e definicións conceptuais que expresen o universo das Tecnoloxías da Información e as Comunicacions; unha codificación léxico-enciclopédica que tente divulgar a terminoloxía, en lingua galega, e o coñecemento das tecnoloxías da información e as comunicacións.

Ocación histórica, pois un dicionario non se fai para impor senón para convencer coa utilidade das súas propostas. E partimos dun hermo, o campo semántico correspondente no galego, rodeado de matos espiñosos nos campos léxicos paralelos do castelán que nos asoballa e do portugués que tristemente se

ignora aquén do Miño. Aínda máis, podemos dicir sen esaxerarmos que o mato bruto, cheo de especies foráneas, se estende polos campos da nosa linguaxe técnica desde os Pireneos ata os Apeninos. Toda a Romanía sofre do mesmo mal.

Acabando o século XIX e cando xa pouco lle ficaba por vivir, nunha mostra de xenialidade única, o conde Otto von Bismark afirmaba que o fenómeno social de maior importancia do momento no mundo era que o idioma oficial dos Estados Unidos de América fose o inglés; e dicíao con carraxe pois sabía que non o fora o alemán só por un voto no consello dos fundadores da patria americana acerca da lingua administrativa da nova nación. O político que reconformara a Europa dos seus tempos prevía a capacidade da *ingenuity* americana. Sabía que aquel mundo de inmigración europea ía dar moito que inventar; e que a todo lle ía pór nome de seu, matricialmente inglés.

A situación das linguas románicas respecto do inglés é de subsidiaridade, que leva mesmo ao ridículo. Tomamos termos do inglés americano para traducilos con frecuencia indebidamente (véxase “embebido” por “embedded”), se non os deixamos como veñen para os pronunciarmos de xeito que ningún anglofalante natural os entendería (“sozgüer” por “software”); ou –aínda– para os utilizarmos en substitución do que xa estaba ben dito e mellor entendido (“sen fíos” foi substituído polo estrambótico “inalámbrico”, ruín tradución de “wireless”). Nalgúns casos mesmo se arrastran erros xerados polos que parecen donos do idioma técnico-científico do noso mundo (velaí como “bandwidth”, por mimetismo, nos levou a “largo de banda”, en referencia ao que é capacidade ou velocidade de transmisión de datos).

Os propoñentes do dicionario xa traballaron con edicións escritas en castelán, idioma de referencia na nosa educación, e mais con edicións en inglés, sen dúbida as máis completas. As voces naturalmente máis próximas ás galegas –se non foren espurias– son as portuguesas. De axuda será, aínda, ollar solucións francesas e italianas (e mesmo catalás ou romenas) pois o espírito da latinidade por veces

iluminou as mentes dos lexicógrafos científicos e técnicos nesoutras áreas de falas fillas do latín corrupto.

O Dicionario Galego das TICs pretende ser unha ferramenta pedagóxica para o uso e a difusión das TICs en lingua galega, a utilizar polas comunidades tecnolóxica, profesional, educativa, universitaria e escolar; e pola sociedade en xeral. Tenta situarse como ferramenta principal para as comunidades profesionais tecnolóxicas e empresariais, así como no ensino de bacharelato e na universidade. Usándoo, profesores e alumnos han ter ao seu alcance ferramentas lingüísticas que lles permitirán expresaren e entenderen na lingua propia os termos e os conceptos que definen as TICs e a Sociedade da Información.

Atendendo ao xa dito, o corpo lingüístico que ofrezca o novo dicionario pode ter unha ambición superior á de axudar os galegos a se expresaren con precisión e corrección. A súa latinidade pode chamar a atención dos falantes do romance ibérico occidental espallados por todo o Globo; mais tamén aos do romance ibérico central; e aos do resto dos romances. Unha oferta de recursos propios fronte ao que mal se pronuncia e peor se entende (pois poucos de nós teñen por segunda patria verdadeira o inglés) sería unha contribución galega a boa parte do mundo: a dos que se van seguir comunicando naturalmente case coma nós e non ao modo anglosaxón. Poida que os fillos de Roma non sexamos tan inventivos coma os descendentes da vella Britania, mais debemos, polo menos, inventar solucións axeitadas á nosa maneira de pensar e pronunciar.

O dicionario nace co apoio da técnica da que vivimos os enxeñeiros de telecomunicación, a da arañeira universal de servidores conectados pola rede das redes. Parte cun portal na web, cun elemento telemático de baixo custo que permite centralizar as tarefas de administración, xestión e actualización das futuras edicións, o cal é unha garantía para o éxito do empeño. Na situación metaestática dos media actuais, o papel impreso é unha hipótese de uso, mais xa non a única oferta de prestixio. Hoxe non se debe facer nada intercomunicativo que non conte coa súa

mostra nun servidor da arañeira. Hoxe –e perdón pola rotundidade da frase– só existe o que existe na web.

Os editores de libros, mesmo de textos puramente literarios, non modificables, falan na actualidade de “técnicas post-Gutenberg”; e con máis razón han falar os que pretenderen estar non xa ao día senón ao momento nun eido técnico-científico coma o noso, caracterizado pola súa velocidade de modificación; e, aínda máis, porque a aplicación técnica crea o medio, medio que vén demandar nova aplicación; de forma que a terminoloxía xorde a cachón, coma unha cachoeira escumante...

Vaia logo da miña parte, e de parte de cantos partillan comigo ilusión de técnicos ilustrados, o agradecemento á Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información polo entusiasmo compartido, pola achega de medios e polo patrocinio. Iniciativas coma a que hoxe se presentan dan honra aos gobernos.

Moi agradecido pola vosa atención.

Xavier Alcalá

Compostela, 13 de maio de 2008